

**O RESPONSABLE DA ÁREA LGTBI DE UGT CONFEDERAL INDICOU QUE GALICIA É A TERCEIRA COMUNIDADE CON PEORES INDICADORES EN MATERIA DE DISCRIMINACIÓN LABORAL DO COLECTIVO LGTBI**

## UGT-GALICIA CONSTITÚE A SÚA ÁREA LGTBI

*Márcase o obxectivo de converterse nun referente nesta Comunidade na loita polos dereitos deste colectivo tanto no eido social como laboral*

**Redacción.-** Este martes tivo lugar en Santiago o acto de constitución da Área LGTBI de UGT-Galicia e foi nomeada como coordinadora da mesma Laura García, o resto do equipo estará conformado por Javier Graña, Gema Andrés e Daniel Gaspar. Como sinalou a secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, Trinidad Campos, deuse así cumprimento ao mandato do 43 Congreso de UGT no que se instaba aos organismos do Sindicato a constituír estas áreas co obxecto de loitar polos dereitos do colectivo LGTBI, sobre todo no ámbito laboral, porque é de xustiza promover o traballo decente para todos e todas.

Antes do acto de constitución, que tivo lugar na sede de UGT-Galicia, o responsable da Área LGTBI de UGT confederal, Toño Abad, e a secretaria de Igualdade de UGT-Galicia ofreceron unha rolda de prensa.

Neste acto informativo, Toño Abad saudou a iniciativa de UGT-Galicia á hora de constituír esta Área e a cualificou como un paso importante, en termos xerais, porque hai que traballar a prol dun colectivo que soporta taxas de discriminación no ámbito do emprego inaceptables, pero, sobre todo, en Galicia, unha comunidade con indicadores especialmente negativos neste senso.

**O responsable LGTBI de UGT insta á Xunta a que saque do caixón a Lei pola igualdade de trato e non discriminación do ano 2014, que a desenvolva e garanta a súa aplicación**

De feito, segundo os estudos anuais realizados por UGT dende 2019, con máis de 3.500 enquisas feitas para baremar a situación das persoas LGTBI no traballo, Galicia é a terceira comunidade que rexistra peores indicadores de discriminación cara as persoas LGTBI no eido laboral. Todo isto, a pesar de contar Galicia cunha normativa propia dende o ano 2014 de loita contra a discrimi-



nación LGTBI pero que, lamentablemente, como sinalou Toño Abad, carece de aplicación práctica e do desenvolvemento normativo necesario para garantir a súa efectividade. Neste senso, reclama ao Goberno galego que saque do caixón esta normativa, que acometa o seu desenvolvemento e garanta a súa aplicación.

A nivel estatal, Toño Abad fixo unha valoración positiva da Lei Trans e LGTBI que xa ten unha normativa específica que obriga ás empresas de máis de 50 traballadores a establecer protocolos de acoso e antidiscriminatorios que poden ser fundamentais á hora de loitar contra esta lacra. Non se pode esquecer que hai cifras alarmantes, por exemplo, o 20% das persoas trans declaran ter sufrido violencia sexual no emprego e con isto hai que terminar xa.

Por outra banda, o traballo de UGT tamén contribuíu a sacar adiante un V Acordo de Negociación Colectiva no que, por primeira vez, se recollen medidas específicas de protección ao colectivo LGTBI no emprego. E destacou a importancia dun acordo que vai rexer miles de convenios que afectarán a moitísimos traballadores e traballadoras neste país.

Abad considera que a loita pola protección e contra a discriminación do colectivo LGTBI pasaba necesariamente por entrar

tamén no eido do emprego, había que chegar aos centros de traballo para acabar coa discriminación e acabar coa vulneración dos dereitos LGTBI.

Xa na clausura do acto, o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, recoñeceu que non foi fácil chegar ata aquí. Lembrou como comezou o proceso en maio de 2021 cando saíu o mandato do 43 Congreso confederal para a creación da Área LGTBI. En xullo de 2022 foi creada a nivel confederal e hoxe aquí damos tamén ese paso.

Paso que se da co fin de traballar para que os dereitos LGTBI sexan unha prioridade na negociación colectiva, para o cal, haberá que traballar por implementar medidas para previr e erradicar o acoso por orientación sexual e de identidade e incorporar protocolos nos convenios. Ademais disto, comprometémonos a traballar na busca de medidas destinadas a facilitar a empregabilidade das persoas LGTBI.

En definitiva, todas a todos, a sociedade en xeral, temos que comprometernos a traballar por centros de traballo inclusivos e respectuosos. Hai que tratar de mobilizar á sociedade para combater en todos os eidos as actitudes e mensaxes de odio. Nós dende o noso ámbito de actuación, a negociación colectiva, temos que traballar neste senso.

# AS POLÍTICAS SOCIAIS E A REFORMA LABORAL MELLORAN A CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS

**Os datos de desemprego do mes de maio seguen reflectindo a excelente incidencia do acordo laboral e das medidas de expansión de dereitos sociais acordadas durante os últimos anos no impulso do nivel de vida da poboación**

**Redacción.-** Os datos de paro rexistrado publicados hoxe polo Servizo Público de Emprego (SEPE) mostran un novo descenso do desemprego no mes de maio, concretamente de 4.909 persoas con respecto a abril. Tras varios meses consecutivos de caída, o número total de persoas desempregadas sitúase en 134.434, a cifra máis baixa de desemprego da serie histórica dende 1996. De igual maneira, o inicio da tempada estival déixase ver tamén na afiliación, que volve crecer este mes en 8.770 persoas.

Un mes máis, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores sinala que os datos de contratación confirman o punto de inflexión que supuxo a reforma laboral na calidade de vida das persoas traballadoras. O número de contratos indefinidos elévese en maio en 20.979 contratos, supoñendo o 33,08% do total de contratos rexistrados, que ascende este mes a 63.415.

Para UGT-Galicia, é indubidable o impacto positivo que está a ter a reforma laboral para as relacións laborais do noso país, introducindo os incentivos necesarios para acabar coa fraudulenta temporalidade que implicaba a concatenación de contratos de moi curta duración e reducindo a inestabilidade laboral que sufrían miles de persoas nos seus postos de traballo. Agora que o contrato indefinido converteuse na modalidade de referencia para a contratación, é o momento de ampliar as súas garantías e continuar protexendo os dereitos das persoas traballadoras, acabando de rematar aquelas cuestións que quedaron sen resolver, como a reforma das causas e o custo do despedimento.

Tendo en conta o contexto actual, UGT ten claro que o benestar da poboación tra-

balladora non pode depender dos vaivéns electorais. Por iso, o sindicato insta aos poderes públicos a que sigan traballando na mellora da xustiza social, pois é evidente que as políticas levadas a cabo ata o de agora demostraron ser amplamente eficaces impulsando a recuperación da economía e o progreso social grazas á creación de emprego digno e de calidade.

## Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fan públicos hoxe, en Galicia o desemprego baixou en 4.909 persoas con respecto ao mes anterior (3,52%) e no Estado esta cifra baixou un 1,8%. No ano tamén se rexistrou unha contracción do desemprego, baixando en 11.686 persoas, un 8% menos.

Así, o número total de desempregados sitúase en 134.434 persoas, a cifra máis baixa nun mes da serie histórica, dende 1996.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego baixou nun 6,11%, unha evolución máis acusada que no conxunto de idades, o que indica unha mellora de expectativas, e baixou no ano nun 11,08%.

Por sexos, o paro cae en ambos casos, entre as mulleres nun 2,95% e nun 4,34% entre os homes. No ano tamén baixou en ambos casos, o 9,51% entre os homes e o 6,91% entre as mulleres. Aínda así, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 58,92% do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 79.213 mulleres, fronte a 55.221 homes.

En canto aos sectores, dáse unha bai-

xada do paro en todos. Así, baixou un 2,41% no primario; un 3,56% na industria; o 3,94% na construción; un 1,65% no colectivo sen emprego anterior; e nun 3,76% nos servizos. No ano sucede o mesmo, baixa en todos. Baixa un 17,74% no primario; o 13,95% na industria; o 10,89% na construción; e o 7,20% no sector servizos. No colectivo de sen emprego anterior as cifras mantéñense.

Territorialmente, cae o desemprego no mes en todas as provincias, nun 2,97% en Lugo; o 3,53% en Pontevedra; o 3,51% na Coruña; e o 4% en Ourense. No ano baixa en todas as provincias, en Lugo nun 10,18%; 9,09% en Pontevedra; 6,45% na Coruña; e o 7,78% en Ourense.

O dato de contratación indefinida é do 33,08%, aínda por abaixo do resto do Estado onde é do 44,3%. Realizáronse en maio un total de 63.415 contratos en Galicia, menos que no ano anterior pero de moita máis calidade.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 72,71%, e do 57,50%, no primario. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 32,03%, e na industria, do 23,48%.

En canto á taxa de cobertura, esta sitúase no 64,92%, con 82.627 persoas beneficiarias. Deste total, 41.403 perciben a renda activa de inserción, 4.667 son importes asistenciais e tan só 36.554 prestacións contributivas, o 44,24% do total.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.059.085 de media mensual, medrando un 0,84% no mes e un 1,76% no ano.

## A UXP DE UGT-GALICIA CELEBRA MAÑÁ EN CAMARIÑAS O X ENCONTRO DE XUBILADOS

**Redacción.-** A Unión de Xubilados e Pensionistas (UXP) de UGT-Galicia celebra mañá en Camariñas o seu X Encontro, unha xuntanza reivindicativa e festiva que reunirá a máis de 400 persoas.

A primeira hora da mañá desenvolveuse un acto sindical no que se debatirá sobre as pensións, o seu presente e futuro.

Abrirá o acto a alcaldesa de Camariñas,

Sandra Insua; e intervirán o secretario xeral de UGT-Coruña-Cee, Ángel Iglesias; o secretario xeral da UJP, Anatolio Díez; a secretaria de Política Institucional e Políticas territoriais de UGT, Cristina Estévez; e o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez.



A isto seguiralle unha visita cultural e un xantar.

## A XUSTIZA RECOÑÉCELLE A UNHA TRABALLADORA DE ATENTO CORUÑA O DEREITO A TELETRABALLAR PARA FACILITAR A CONCILIACIÓN

O caso foi levado á Xustiza polos Servizos Xurídicos de UGT

**Redacción.-** O Xulgado do Social número 6 da Coruña ven de ditar unha sentenza na que se lle recoñece a unha traballadora de Atento Coruña o dereito a teletraballar na totalidade da súa xornada co fin de facilitar a conciliación da súa vida profesional coa familiar.

Neste caso, a traballadora encárgase do coidado do seu pai dende hai un tempo, o que, ante a negativa da empresa a facilitarlle o teletraballo, obrigouna a reducir a súa xornada coa conseguinte perda económica.

Os Servizos Xurídicos de UGT puxeron este caso en mans da Xustiza, por consi-

derar que se estaba a vulnerar o seu dereito á conciliación e o Xulgado do Social número 6 da Coruña dálle a razón.

A Xustiza considera que “a traballadora acredita que ten necesidades familiares que podería conciliar co seu traballo de mellor forma se prestase os seus servizos en modalidade de teletraballo” e, ademais, precisa que “non cabe dúbida de que esta modalidade de prestación de servizos é factible porque xa se ten realizado noutros períodos”, con motivo da pandemia a empresa implantou o teletraballo en Coruña, manténdoo ata outubro de 2022.



Por outra banda, a Xustiza considera a perda económica que lle supuxo á traballadora o feito de ter que reducir a súa xornada, polo que establece unha indemnización económica que terá que facer efectiva a empresa por danos e prexuízos.

## UNIÓNS AGRARIAS DEFENDE NO TRIBUNAL SUPREMO O DEREITO DAS GANDERÍAS A COBRAR POR ENRIBA DE CUSTOS

**Redacción.-** Unións Agrarias persoouse o pasado mércores no Tribunal Supremo para defender o dereito das explotacións lácteas a cobrar por enriba de custos. Un logro acadado coa última modificación da Lei de Cadea Alimentaria, hai ano e medio, que as industrias non se resignan a acatar.

Técnicos e membros dos servizos xurídicos de Unións Agrarias compareceron na Sala Terceira do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo para participar nunha sesión de presentación de informes periciais; o que na práctica supón a presentación de probas argumentais para blindar ou, no seu caso torpedear, unha lei aprobada por maioría no Parlamento. Son as industrias lácteas, representadas pola súa federación FENIL, as únicas en toda a cadea alimentaria que se teñen aventurado a tratar de desmontar unha norma reivindicada por agricultores e gandeiros durante anos.

O informe presentado por Unións Agrarias desmonta os argumentos da industria, que coa demanda presentada a finais do ano pasado pretende eliminar a prohibición da compra a perdas da Lei de Cadea. Unha medida axustada a dereito que debe seguir plenamente en vigor, cumpríndose e facéndose cumprir.

A demanda presentada pola FENIL pon en evidencia a verdadeira cara das industrias lácteas. Un cártel que leva



anos impoñendo prezos e abusando da súa situación de poder fronte ao sector produtor e cuxas prácticas ilícitas xa foron ratificadas e sancionadas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Son esas prácticas abusivas as que, con esta demanda, as industrias pretenden seguir impulsando con impunidad. Unha actitude eticamente impresentable que, coa defensa realizada por Unións Agrarias e pola Avogacía do Estado debера verse freada nas vindeiras semanas.

Tal e como explicou o secretario xeral de Unións Agrarias ás portas do Tribunal, as industrias lácteas “queren exercer un dereito de pernada, seguir impoñendo prezos ao elo máis baixo da cadea como veñen facendo desde o ano 2000”. Nese ano había en España unhas 60.000 granxas lácteas, das que hoxe quedan pouco máis de 10.000.

Un proceso de peches masivos motivado por unha crise de rendabilidade imposta polas industrias aos gandeiros coa colaboración das grandes cadeas de distribución.

Con esta demanda as industrias “queren seguir impoñendo unilateralmente os prezos”; eludindo a negociación e forzando ao sector produtor a asinar contratos de adhesión sen ter en conta nin os custos de produción nin a situación real de mercado, tal e como volveron facer na última renovación de contratos que está a producirse dende abril.

Unións Agrarias confía en que nas próximas semanas o Tribunal Supremo dea a razón ao sector produtor e se free así un intento desesperado e totalmente reprochable das industrias de seguir acumulando beneficios a costa da rendabilidade das explotacións.

## UN ACORDO NO METAL DE LUGO PON FIN A VARIAS XORNADAS DE FOLGA E MOBILIZACIÓNS

**Redacción.-** Representantes dos sindicatos e da patronal do metal en Lugo alcanzaron un principio de acordo este xoves que os traballadores ratificaron en asemblea a primeira hora desta mañá.

Para o 2022, o incremento é do 5,7%; do 3,5% para o 2023; e 2,65% para 2024 e 2025. É dicir, no conxunto da vixencia do convenio 2022-2025 o aumento será do 14,5%.

Segundo informan dende UGT FICA, tras catro días de folga, alcánzase este acordo que tamén incorpora unha cláusula de revisión anual conforme ao IPC real con atrasos ou efectos retroactivos a partires do primeiro mes no que o IPC real supere o incremento pactado para cada

anualidade.

Inclúese tamén unha prima de convenio correspondente a 2022 por 865 euros.

Dende UGT FICA Lugo destacan que este cambio de postura da patronal “só foi posible grazas á mobilización”, así como “á unidade e á determinación mostrada polo conxunto dos traballadores”, que “secundaron de modo masivo as convocatorias de folga”.

Lembrar que o conflito do sector



na provincia, composto por uns 5.000 profesionais do ámbito siderometal e outros 2.000 do comercio do metal, levou a diversas protestas en polígonos de Lugo, Monforte e Sarria nos últimos días e a catro xornadas de folga.

## OS BOMBEIROS DOS CONSORCIOS PROVINCIAIS DE TODA GALICIA DECIDEN ESTE LUNS UNHA POSIBLE CONVOCATORIA DE FOLGA

**Redacción.-** Baixo unha demanda común, o fin á precariedade que sofren e a mellora das súas condicións laborais, os bombeiros dos consorcios provinciais de toda Galicia decidirán este luns unha posible convocatoria de folga. Lembrar que os de Lugo xa levan varias xornadas de mobilizacións e tiñan convocada folga indefinida a partir do día 9 e os de Pontevedra xa iniciaron hai dous meses unha folga negándose a facer horas extraordinarias para completar os reténs de garda.

Os preto de 400 bombeiros que dependen dos catro consorcios provinciais demandan que se lles recoñeza a súa condición de persoal fixo en aplicación dunha sentenza do propio Tribunal Supremo.

Neste senso, quéixanse da pasividade da Xunta e das deputacións á hora de tomar decisións que pasan por aplicar a Lei, que é manter a fixeza que tiñan cando foron subrogados.

Tamén demandan que se negocien os convenios que aínda están sen pechar en Lugo, Coruña e Pontevedra. Consideran que urxen convenios dignos para un sector que presta servizos esenciais que, polo menos, iguallen as condicións laborais ás de outros bombeiros de España.

A isto habería que sumarlle máis re-



curso humano e mellores recursos materiais co fin de garantir un bo servizo de cara a toda a sociedade.

## A Fundación Luís Tilve presenta en Santiago “Hildegart na prensa socialista. Artigos”

**Redacción.-** A Fundación Luís Tilve presentou onte pola tarde en Santiago, na librería Lila Lilith, a súa nova publicación “Hildegart na prensa socialista. Artigos” que recolle a obra xornalística da activista feminista en medios como “El socialista” ou “Renovación”.

Hildegart Rodríguez Carballeira, ademais de activista feminista, foi escritora e xornalista. Aos oito anos xa falaba seis idiomas e aos 17 rematou os estudos de dereito. Tivo un papel moi destacado na de-

fensa do feminismo dende un punto de vista vangardista á hora de avogar por conceptos como a educación sexual, o control da natalidade ou o divorcio, dos que era gran coñecedora a nivel internacional.

O acto contou coa participación dos autores e recompiladores da obra Francisco Xavier Redondo e Eliseo Fernández e foi conducido pola xornalista e historiadora Rosa María López.



## HAI QUE PERMANECER VIXIANTES E ACTUAR ANTE OS PREZOS ELEVADOS DE SECTORES COMO A ALIMENTACIÓN

**Redacción.-** O IPC adiantado para o mes de maio, publicado esta semana polo INE, sitúa a inflación anual nun 3,2%, 9 décimas menos que en abril. Continúa así a paulatina moderación do nivel xeral de prezos, aínda que a incerteza ante un posible agravamento da guerra en Ucraína podería alterar este escenario. Pola súa banda, a taxa subxacente, que recolle a inflación de compoñente estrutural, diminúe en menor proporción, 5 décimas menos respecto ao mes anterior, alcanzando unha variación anual do 6,1%.

Isto demostra como parte do tecido empresarial segue mantendo unhas marxes de beneficio elevadas que están tensionando os prezos, tal e como demostran cada vez máis analistas e institucións. Isto

é especialmente preocupante nalgúns sectores que afectan a bens e servizos de primeira necesidade, como o da distribución alimentaria.

Por tanto, a pesar da relativa mellora dos últimos meses, é necesario seguir vixiantes e establecer topes aos desproporcionados beneficios cultivados por algunhas empresas, impulsando ademais cambios regulatorios que incrementen a competencia nos mercados máis oligopolizados. Paralelamente, é preciso manter a protección que ofrece o escudo social ás persoas máis desfavorecidas, mellorando a precisión e eficiencia das súas medidas.



Por último, é tamén o momento de trasladar as subidas salariais acordadas no novo AENC 2023-2025 aos convenios colectivos aínda por asinar, unha cuestión cruce para recuperar o poder adquisitivo da clase traballadora e relanzar o consumo, o emprego e a actividade económica no noso país.

## UGT RECLAMA PLANS ESPECÍFICOS CONTRA AS ADICCIÓNS NO TRABALLO

**Redacción.-** Con motivo do Día Mundial Sen Tabaco, que se celebrou o 31 de maio, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores reclama políticas eficaces para reducir o consumo de tabaco e o impulso de plans de prevención de adiccións nas empresas

Segundo o Comité Nacional para a Prevención do Tabaquismo, o tabaco segue provocando 54.000 mortes ao ano no noso país, ademais de que o custo sanitario provocado polo consumo de tabaco triplica os 9.000 millóns anuais recadados por Facenda coa súa venda.

Os datos revelan a importancia do problema. Segundo un estudo publicado pola Sociedade Española de Pneumoloxía e Cirurxía Torácica (SEPAR), en España, en 2020, producíronse 51.501 falecementos en poboación de 35 anos e

máis por cancro de traquea, pulmón e bronquios e por cardiopatía isquémica. Atribuíronse á exposición ao fume ambiental do traballo 747 defuncións, o que supón o 1,5% de todos os falecementos por cancro de pulmón e cardiopatía isquémica. Destas defuncións, 8 de cada 10 sucederon en homes e 6 de cada 10 en non fumadores.

Segundo a enquisa IDADES 2019-2020, Módulo laboral, do Plan Nacional sobre Drogas: incrementouse o consumo de tabaco (pasando do 33,1% en 2007 ao 35,6% en 2019); hai unha maior prevalencia de consumo de tabaco diario nas persoas en paro que naquelas que teñen emprego; e as porcentaxes de fumadores máis altas atópanse entre os traballadores e traballadoras manuais e aqueles que traballan en servizos de restauración, persoais, protección e vende-

dores.

Por todo iso, UGT reclama o desenvolvemento de políticas eficaces para reducir o consumo de tabaco e evitar o inicio a idades temperás, con campañas públicas de prevención e información e programas de axuda para deixar de fumar. Ademais, no seo das empresas débese actuar desde a prevención implantando plans de prevención de adiccións, analizando as condicións de traballo que poidan contribuir ao consumo de substancias e/o condutas adictivas, mediante a avaliación dos riscos que poden fomentar a probabilidade de adiccións.

Neste sentido, o sindicato elaborou o Plan de Prevención e Acompañamento en Materia de Adiccións (PAMA), co fin de servir de orientación ou guía á hora de deseñar e implantar este tipo de plans nas empresas.

## A negociación colectiva, clave para loitar contra o cambio climático

**Redacción.-** A secretaria de Políticas Europeas de UGT, Mari Carmen Barrera, participou nunha reunión do grupo de traballo da Sección de Emprego, Asuntos Sociais e Cidadanía do Comité Económico e Social Europeo na que presentou e defendeu, como relatora, o Ditame sobre 'A negociación colectiva verde'.

Unha reunión na que considerou que, "ante o enorme desafío que supón o cambio climático, as empresas e os traballadores e traballadoras deben de dispoñer de canles adecuadas para participar nos

esforzos de apoio á protección do medio ambiente e a loita contra o cambio climático".

Destá forma, afirmou que "a negociación colectiva é unha ferramenta clave que pode axudar a empresas e persoas traballadoras a afrontar os retos da crise climática, incluídos os custos derivados para as empresas. As cuestións ecolóxicas na negociación colectiva son cláusulas negociables nos convenios colectivos que teñen un efecto directo e indirecto sobre o medio ambiente".

